

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TORDOIA

Acordo de creación de sede electrónica do Concello de Tordoia e adhesión ao convenio marco de colaboración aprobado pola Deputación Provincial da Coruña

Creación da sede electrónica de Tordoia e adhesión ao convenio marco de colaboración da Deputación Provincial da Coruña

ANUNCIO

ANUNCIO DE ACORDO DE CREACIÓN DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE TORDOIA E ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN APROBADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria do 24.11.2016, adoptou o seguinte acordo:

1. A creación da sede electrónica do concello de Tordoia, de titularidade municipal, cuxo enderezo electrónico de referencia será: <<sede.concellodetordoia.gal>> configurándose como unha subsede da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña (sede.dicoruna.es) e que estará accesible para a cidadanía directamente a través do seu enderezo ou a través do enderezo desta última.

2. A delegación da xestión e administración da sede electrónica municipal e para tal fin, a adhesión ao convenio marco de colaboración aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión plenaria ordinaria celebrada o vinte e oito de outubro de dous mil quince, para a utilización compartida da súa sede electrónica e cuxo texto se recolle máis adiante.

3. Realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais para dar cumprimento aos compromisos asumidos no devandito convenio.

4. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.

Tordoia, 5 de decembro de 2016

O alcalde

Antonio Pereiro Liñares

2016/10409